

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de novembro de 2022**

Ás 17.30 horas do día 17 de novembro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Popular e presidenta da comisión dona Luz Doporto Real, actuando de presidente don César Manuel Fernández Gil e asistindo tamén á comisión dona Ana María Villarino Pardo. Tampouco asiste a deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Estévez, substituída por don Aurentino Alonso Araújo.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de outubro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 20 de outubro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO BNG PARA FORTALECERMOS A ATENCIÓN PRIMARIA.-

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da moción.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que a problemática é de Ourense, pero vendo o que ocorreu nas comisións de onte co problema dos contratos quen vai ter que resolver esta problemática é Santiago ou Madrid. En setembro de 2021 aprobouse por unanimidade unha moción que presentou o Grupo Socialista ante esta problemática, pero na actualidade estamos igual, pero a resposta do PP será que a culpa é de Pedro Sánchez ou do Goberno do Estado. Manifesta que debaterán máis profundamente no Pleno.

O **presidente da comisión** manifesta que reservan o voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da deputada non adscrita a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a aumentar o orzamento destinado á atención primaria ata chegar ao 25%. No inmediato aumentar o 2,2% (máis de 200 millóns de €) para chegar á media do Estado.

2º.- Instar á Xunta a incrementar a estabilidade dos cadros de persoal para que teñan tempo para atender pacientes. Rematar coa precariedade e explotación nas condicións laborais co fin de garantir calidade asistencial, e que traballar e conciliar non sexa misión imposible.

3º.- Instar á Xunta a pór en marcha un plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.

4º.- Instar á Xunta á incorporación de categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos-optometristas.... con profesionais, que si existen, para poderen ser contratad@s.

5º.- Instar ao pleno provincial da Deputación de Ourense a apoiar publicamente e animar á veciñanza a asinar ILP da plataforma SOS sanidade pública en favor de fortalecer a atención primaria.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta pola programación desta Deputación para o día 25 de novembro.

O **presidente da comisión** di que toma nota da pregunta e que lle dará contestación o antes posible.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, di que tiveron coñecemento pola prensa de que quedou deserta a contratación da protagonista feminina de Ourense Termal, polo que queren saber o procedemento que se vai seguir agora ou que solución que se vai dar.

O **presidente da comisión** di que toma nota da pregunta e que lle pasará unha resposta.

E, ás 17.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.